

## O futuro do galego defínese na Internet

*Xiana Iglesias Villaverde*

O sector das novas tecnoloxías está considerado como un eido transversal no Plan Xeral para a Normalización Lingüística do galego. Unha lingua normalizada é aquela que se usa en tódolos ámbitos e rexistros, entre eles, e máis agora debido á súa relevancia, nos medios de comunicación. Tendo en conta, pois, que Internet é un medio emerxente que está a redefinir e marcar as tendencias comunicativas da sociedade, o futuro do galego estará en boa medida marcado pola súa posición nas autopistas da información. Por iso, cabe preguntarse que lugar ocupa a lingua galega na Internet e que influencia pode exercer este colosal medio sobre o futuro da nosa lingua.

Os datos ofrecidos polo Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información manifestan que a presenza do galego na 'arañeira' é escasa. Un estudo realizado por Romero e Vaquero en 2001, revela que a maioría das empresas galegas empregan só o castelán nas súas webs (57%) ou unha versión bilingüe inglés-castelán (23%) e unicamente unha minoría incorpora o galego sempre en combinación con estoutras dúas linguas (14%). Máis alarmantes son os datos do I Informe Técnico sobre a presenza dos concellos galegos na Internet, elaborado en 2006, segundo o cal o 17% deles aínda non teñen a súa páxina web dispoñible na lingua do país.

Se pensamos que a rede está a actuar como unha lente de aumento da situación do galego dentro da súa comunidade de falantes, os datos virían reflectir a presión imperialista do inglés e do castelán.

O fundador do Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo, Xavier Gómez Guinovart, realizou un estudo que desvelou que só hai unha páxina Web en galego por habitante, mentres que dispón de 167 en castelán e 4.503 en inglés.



Ademais, Guinovart considera o ciberespazo como un lugar propicio (aínda que non obrigado) para un neocolonialismo contemporáneo, globalista, homoxeneizador e lingüicida, no que o galego tamén sería asasinado.

Convén ter en conta tamén que o galego que actualmente se manexa no cotián da rede está, en moitas ocasións, castelanizado debido a un proceso de apropiación da lingua colonizadora por parte do pobo colonizado (incluso como estratexia de resistencia). Este consiste en adaptar de diversas maneiras o código colonial á experiencia cultural do pobo colonizado. As formas lingüísticas que pode adoptar esta adaptación son múltiples, desde o uso da lingua colonial estándar aliñada con expresións de lixeiro sabor local, ata as variantes "híbridas", amplamente interferidas polas linguas nativas do pobo colonizado.

Aínda que os anteriores datos reflicten unha situación, cando menos, precaria, do galego na rede, o carácter aberto desta tamén pode ser utilizado para potencialo e dignificalo polo que a Internet é un grande filón a aproveitar. Así o explica Manuel Docampo, director do Observatorio TIC: "a sociedade da Información e as TIC permiten a revalorización e difusión das culturas locais e identidades comunitarias. A música, as tradicións, estilos de vida, a cultura popular en xeral, etc. poden chegar a converterse en produtos dixitais ofertados no mercado global a través do comercio electrónico. Isto axuda a reforzar a identidade cultural e a frear a emigración, aumenta a calidade de vida local, facilita a comunicación e transforma as áreas rurais preservando a súa existencia cultural".

De feito, entre nós, hai iniciativas que amosan a capacidade emprendedora e rexeneradora dos sectores máis dinámicos e sensibles co noso idioma.

E é que os falantes da lingua do país reclaman un lugar para o seu idioma dentro da arañeira. Existen, así, determinados medios como Vieiros, O Xornal ou a versión dixital do Galicia Hoxe, entre outros, que ofrecen contidos integramente en galego.

Neste senso cabería destacar que coa Internet están nacemento novas formas de comunicación que permiten pensar na posibilidade de deixar a un lado o concepto de sociedade de masas e dar un salto cara unha sociedade de colectivos. O alicerce desta é a liberdade que ofrece a rede para que cadaquén cre contidos propios e se configuren comunidades virtuais ao seu redor. Un dos expoñentes máis significativos deste modelo de comunicación e información é o blog. Estes son espazos gratuitos, individuais ou colectivos e xestionados polos seus creadores, que elixen tanto os contidos así como o idioma vehicular. O único requisito para ter un blog é contar cunha conexión a Internet. En Galicia hai un número moi importante e ben recoñecido de blogs que abordan temas como a literatura, a información, a música ou a tecnoloxía e na súa maioría empregan o galego. Estase a constituir unha blogoesfera autóctona, aínda que, como apuntamos antes, existe o perigo de que os blogs poidan difundir un galego alonxado do estándar e propicio á castelanización. Pero, á marxe deste risco, o fenómeno blog ten grande importancia en canto que posibilita que contidos e producións 'made in Galicia' adquiren visibilidade, relevancia e prestixio dentro da arañeira e, consecuentemente, dentro da sociedade.

Desde instancias oficiais tamén se pretende aproveitar as posibilidades que ofrece a internet. Así, por exemplo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística anunciou a comezos do setembro de 2007 a intención de contratar novas aplicacións tecnolóxicas para a lingua galega. O DOG do 10 dese mes recolle unha resolución para contratación dun "sistema de tradución automática do galego ao castelán, do galego ao inglés e do inglés ao galego". É dicir, a Xunta está na busca dun proxecto que permita aos galegos e galegas consultar na súa lingua páxinas que foran creadas no idioma rei da Internet -o inglés- e aos falantes doutros idiomas, acceder a espazos creados en galego. Un

xeito de abrirse ao exterior e que o exterior poida entrar en nós.

A materialización deste proxecto significaría comezar a facerlle fronte ao inglés; ameaza imperialista para linguas minorizadas. A iniciativa da Xunta permitiría ao galego subir na escala de idiomas con presenza na rede de redes, dato que resulta moi importante e significativo se se ten en conta que "o lugar que ocupan os contidos das diferentes linguas na autoestrada da información é un índice da vitalidade lingüística, cultural, económica e política das persoas que a utilizan", tal e como sostén Alain Clavet, da Comisión Delegada para as Linguas Oficiais de Canadá. Cabe entón loubar e valorar positivamente este proxecto que esperamos sexa pronto realidade.

Esta pequena aproximación á importancia que ten o uso da lingua na internet deixa fóra moitos dos factores que están a configurar a actual páxina da historia e a definir a posición de Galicia e o galego dentro da incipiente sociedade da



Información. Habería pois que falar de moitos outros aspectos como a fenda dixital (o achegamento da banda ancha ao rural galego), a alfabetización dixital, a etiqueta creative commons, afondar no

proceso de creación de contidos, o software en galego, o dominio .gal, plataformas para compartir gratuitamente produtos culturais, como 'A Regueifa', ou mesmo a construción de redes de comunicación propias como propoñen dende a asociación Wireless Compostela.

Dentro da amalgama de contidos e identidades que configuran a Internet, na que as linguas se misturan e as identidades se difuminan, é importante transformarse de espectadores en actores, e participar no destino do noso futuro cultural e lingüístico cos medios que a tecnoloxía pon ao noso alcance xa que, tal e como explica Daniel Pimienta, director de Funredes (Fundación Redes y Desenvolvemento) "se non entramos nós no xogo, outros decidirán o noso futuro".